

NORMALIDADE

O día que Manuel morreu reafirmouse na importancia de seguir levando unha vida normal a pesar dos elementos en contra. As caras largas da familia retorcéronse coma un garabato coa estrañeza, e Manuel tivo que dar un golpe de man na mesa. A morte, sinalou diante dos parentes, non ía modificar aqueles hábitos que mentres a aquel opel kaddet non interrompeu as súas constantes vitais outorgaban orde aos seus días. Outras persoas na súa situación, é dicir, persoas falecidas, perderan todo contacto co mundo, como se o feito de morrer levara implícito o cese de toda actividade. Caralladas. Mal asunto cando un aproveita o seu falecemento para desentenderse das rutinas, das responsabilidades. Manuel, para ponderar que a súa intención de levar vida normal era firme, agarrou os testículos cunha man, levantounos e corooou o xesto dicindo que a el quedáballe aínda moita gasolina no depósito. Aquela metáfora animou temporalmente á viúva e aos fillos, que polo menos sacaron as mans dos petos.

Non quería Manuel caer no desapego, ou visto dende outra fiestra, nesa fachenda que tenden a adoptar certas persoas mortas cando se modifica o seu estatus e poden presumir de enterro. Non. El quería escapar dos cambios traumáticos que a cotío provoca o *rigor mortis*. Un home defunto non ten porque ser un home desganado, infeliz, sedentario.

Había que transmitir normalidade ao entorno. Ante todo normalidade, que se vira que Manuel, contra o escepticismo dalgúns, sacaba á familia adiante. Non existían razóns para transmitir a idea de que, unha vez morto, as cousas cambiaban. Só faltaba iso. Nada de cambios. Nada!!, subliñou fronte aqueles familiares que, seguindo certas tradicións, pretendían herdar as pertenzas de Manuel, ou ocupar a cadeira onde aquel comía cada día, ou retirar a súa roupa do armario, ou conducir o seu vehículo, ou facer por el traballos que ben podía afrontar o falecido. Algunha licenza, obviamente, se tiña que permitir, e aproveitando a defunción, deixou o tabaco. Pero o domingo seguinte votaba nas municipais, e aos de sempre, como hai cristo. E volveu agarrar os xenitais coa man dereita. Noventa e sete octanos!!